

18/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 28 OUTUBRO DE 2020.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 28 de outubro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. María del Pilar Díaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretaria acctal., a funcionaria, Dna. Beatriz Santiago Yáñez, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 23.10.2020, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 908/2020 de 26.10.2020.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS: APROBACIÓN DEFINITIVA

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, imos a dar comezo entón á Sesión Plenaria, sesión ordinaria do mes de outubro, co primeiro punto da orde do día que é o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Mugar dos: Aprobación definitiva. Miguel.

Sr. Mahía Prados: Boas tardes, sra. secretaria, sra. interventora, concelleiros, bueno, isto xa é recorrente, finalizou a exposición pública, xa pasou por todas as comisións, pasou por todos os trámites que tiña que pasar, xa está aprobado tamén pola Xunta, entón quedaría por parte do Concello, a aprobación definitiva, vén sendo o coñecido como Plan de Control de Faixas Secundarias, coloquialmente con un nome máis formal que é o Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, entón bueno, foi... finaliza hoxe todo o que vén sendo todas as tramitacións e finalmente procedese á súa aprobación.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, e...efectivamente, vén ditaminado da comisión pertinente, como se dixo, bueno, ábrese un turno de intervencións, se queredes dicir algo. Palabras? Nada. Non hai palabras, bueno pois entón sometémolo a votación. Votos a favor, unanimidade, non?

Sometida a votación a aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Mugar dos, o Concello Pleno, por unanimidade,

unha vez rematado o prazo de exposición sen que se teñan presentado reclamacións e tendo en conta o informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Defensa do Monte de data 18.08.2020, a proposta formulada polo Concelleiro Delegado de Obras, Servizos e Medioambiente, de data 25.09.2020 e o Ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión ordinaria de data 01.10.2020, obrante no expediente, acorda prestar aprobación definitiva ao citado plan, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Aprobar definitivamente o Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais do Concello de Mugaros, tal e como figura no documento obrante no expediente.

2.- Comuníquese á Dirección Xeral de Defensa do Monte para o seu coñecemento e efectos.

2.- FESTAS LOCAIS 2021.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois pasamos ao segundo punto, que son Festas Locais de 2021. Bueno, tal e como se propuxo na Xunta de Portavoces, propóñense como festas locais para o ano 2021 os seguintes: 7 de xaneiro de 2021 e 25 de maio de 2021, Voto de Chanteiro, e propoñer como suplente o seguinte: 16 de xullo de 2021. A Xunta de Voceiros por unanimidade, acordou prestar aprobación a proposta da Alcaldía, pero falta a ratificación neste Pleno, polo tanto imos a... a pasar á votación. Quere alguén intervir neste punto? Non, bueno, ditaminado, entón pasamos á votación, votos a favor, unanimidade, moi ben.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Xunta de Voceiros realizada en data 21.10.2020, por unanimidade, acorda:

1º.- Propoñer como festas locais para o ano 2021 os seguintes:

- 7 de xaneiro de 2021
- 25 de maio de 2021, Voto de Chanteiro.

2º.- Propoñer como suplente o seguinte:

- 16 de xullo de 2021

3.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 09/2020.

Tras deliberación, sométese a votación a aprobación do expediente de modificación orzamentaria 09/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 02.10.2020, o informe da interventora municipal de data 02.10.2020, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 07.10.2020, por unanimidade, **ACORDA:**

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 09/2020**, de crédito extraordinario, financiados con cargo a remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de **8.000 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	326.62900	Adquisición/Subministro de mamparas protectoras coronavirus para adaptar os comedores escolares do CEIP Unión Mugardesa e CEIP Santiago Apóstol as medidas e protocolos de prevención da transmisión da COVID-19.	8.000,00 €

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 8.000 €

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **8.000,00 €**.

REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2019	1.523.722,18
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 03/2020	164.518,51
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 04/2020	148.735,45
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 05/2020	698.678,59
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 09/2020	8.000,00
= REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 09/2020	503.789,63

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **0 €**.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2º.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido

da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.”

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao terceiro punto: Modificación Orzamentaria 09/2020. Miguel.

Sr. Mahía Prados: Grazas, bueno, a modificación orzamentaria 09/2020 vén sendo a modificación orzamentaria necesaria para adquirir as pantallas, para poder seguir mellorando a situación do comedor escolar e a adquisición, creo recordar de 81 pantallas, e... para todos os membros do comedor, e bueno, profesorado que había... que tiña que asistir tamén a... de monitoraxe e control da zona, e... bueno, vén ditaminado da comisión, nesa mesma comisión falouse acerca de... de reclamar estas... serie de gastos a... por parte da Xunta, e... falamos coa Xunta, ten aberto unha liña de 7.000.000 de euros para este tipo de gastos de inversión, en tema de inversión, tanto en colexios que se ten que adherir, etc., entón imos a reclamar, obviamente, estes... estes gastos que se fixeron por parte do Concello, vén ditaminado, iso, da Comisión e... e nada máis.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois se queredes intervir, abrimos un turno de palabras. Palabras? Si, ninguén máis, pois José Angel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ola, grazas, nada máis que quería bueno, comentar un pouco en este sentido, que nós solicitamos que se... anterior, a través de unha moción que se ampliaran as prazas, entendo que con estas... ao utilizar as mamparas, posiblemente, pois é un bo momento para poder ampliar un pouco e dar cabida a máis familias, para que poidan acollerse ao comedor escolar.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, bueno, pois se non hai máis palabras, pasamos a votación o asunto, votos a favor, unanimidade.

4.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE PROLONGACIÓN AO ANO 2021 DO DÍA DAS LETRAS DEDICADO A CARVALHO CALERO.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo Voceiro do Grupo Municipal do BNG, sobre prolongación ao ano 2021 do día das Letras dedicado a Carvalho Calero, e o Pleno da Corporación, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE E 1

BNG) e 5 abstencións (5 PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.-O Pleno do Concello de Mugardos acorda amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero e insta a Xunta de Galiza a se dirixir formalmente á Academia Galega para así llo transmitir e solicitar formalmente.

2.-O Pleno do Concello de Mugardos acorda dar traslado do presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aos distintos Grupos Parlamentares e á Academia galega.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto cuarto, moción do Voceiro do Grupo Municipal do BNG, sobre Prolongación ao ano 2021 do día das Letras dedicado a Carvalho Calero. A fin... antes de que empece o relator da moción, para non alargar excesivamente as mocións, se prefires explicar un pouquiño a moción e logo xa pasar aos acordos, evitamos estar moito tempo en exposición todos aquí e evitamos un pouquiño... se che parece ben, vale?

Sr. Varela Filgueiras: Bueno, boa tarde a todos e a todas, bueno, máis que nada o BNG presenta esta moción porque está claro que as consecuencias derivadas da pandemia e do COVID 19 e... e o estado de alarma, pois está claro que impediron claramente a... a realización do ano dedicado a Carvalho Calero, e é certo que a escolla de este ano do día das Letras Galegas do ano 2020, despois de 9 intentos, por certo, de dedicarlle este día a Ricardo Carvalho Calero que, por certo é veciño de Ferrolterra, e entón bueno, entendemos que está máis que xustificada esta moción e a petición dos acordos, pois máis que nada por iso, porque creemos que hai que celebrar como debe de ser, o día das Letras Galegas, e o ano dedicado a Ricardo Carvalho Calero porque as circunstancias, como digo, derivadas de esta pandemia e de este estado de alarma, pois impediron a celebración dese ano como... como debería de ser, e bueno, por todo isto o Grupo Municipal propón os seguintes acordos, e é que o Pleno do Concello de Mugardos acorda amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do día das Letras Galegas dedicado a Carvalho Calero, e insta a Xunta de Galicia a se dirixir formalmente a Academia Galega para así transmitirllo e solicitar formalmente, e o segundo acordo sería que o Pleno do Concello de Mugardos acorda dar traslado do presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, os distintos grupos parlamentares e a Academia Galega.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, moitas grazas, bueno abrimos un turno de intervencións, palabras? Miguel.

Sr. Mahía Prados: Grazas, bueno, nós e... de entrada, explicar o noso voto, o noso voto vai ser a abstención, ímonos abster principalmente porque entendemos e compartimos unha parte do... da exposición de motivos, que é un veciño de Ferrolterra, día das Letras Galegas, este ano é un ano complicado e obviamente, pois todo o que sexa nese sentido que quede pola zona, benvido sexa, nós dende o Concello imos celebrar as Letras Galegas dunha

forma moi reducida, coa intervención de -As Pitas baixo a choiva- e unha actuación da Coral, en Franza, entón si que é certo que é unha celebración que se ve empañada pola... pola situación. O motivo da abstención é o trámite para se.. dirixir ao escritor ou escritora do día das Letras Galegas corresponde integramente ao Consello Reitor da... da Real Academia, entón non é, nós que sempre dixemos que hai unha serie de competencias que teñen que ter as Administracións e que se deben respectar, por iso é o motivo da... da nosa abstención.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois se... se algún grupo quere un segundo turno, senón pasamos á votación. Bueno, pois pasamos entón... queres cerrar... algo... Gemino, non, xa está... está ben explicado, bueno pois entón pasamos á votación, vale? Votos a favor, abstencións, en contra, ningún, bueno pois queda aprobada a moción entón.

5.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A REACTIVACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre a reactivación da asistencia sanitaria, e o Pleno da Corporación coas dúas emendas de adición de EU a esta moción, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE E 1 BNG) e 5 en contra (5 PP) acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instamos á Xunta a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID19, máis tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria. Establecer quendas de tarde de consulta, nos centros de saúde que non as teñan, con contratos de continuidade para os profesionais, eliminando así o obstáculo de falta de espazos e utilizando os recursos.

2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial, así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogas clínicas, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogas e demais.

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros. Garantir que os fondos estatais sexan dedicados á Sanidade Pública.

4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

6.- Levar a cabo as medidas necesarias, mentres a atención presencial non sexa unha realidade, para que as doentes poidan agardar o seu turno nas mellores condicións posibles.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos entón á seguinte moción, moción punto número quinto: Moción do Voceiro do Grupo Municipal do BNG sobre a reactivación da asistencia sanitaria. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, en canto a esta moción, é certo que con isto, e volvo a repetir, da pandemia da COVID do ano 2019, a Xunta de Galicia tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial e optou e... fundamentalmente pola asistencia telefónica, e isto que en un principio que podería ter a súa razón de ser, o certo é que a día de hoxe está provocando pois, consecuencias graves e desastrosas, entre elas que por exemplo, pois os profesionais están esgotados física e mentalmente, sigue a haber listaxes de espera de días e incluso semanas para... incluso para a atención telefónica, e os doentes e as doentes e... séntense un pouco desprotexidos pola súa falla de controis, sobre todo os que son crónicos, e estamos a ver pois colas tamén de xente nos centros de saúde que están a intemperie. E esta situación, o que está a provocar é que cada vez máis xente pois acuda a sanidade privada, coa desprotección que isto está a causar nas persoas con menos recursos, e isto pode levarnos indubidablemente a un problema de saúde colectiva e a un problema de cronificación das patoloxías, entón como ben di a moción é preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade para poder dar resposta tanto as demandas da atención da COVID, como para o resto das patoloxías, e entón propónse a adopción dos seguintes acordos: Instar a Xunta de Galicia, a: 1º realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID19, máis tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria. 2º Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial, así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogas clínicas, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogas e demais. 3º Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros. 4º Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos. 5º Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan 6º Levar a cabo as medidas necesarias, mentres a atención presencial non sexa unha realidade, para que as doentes poidan agardar o seu turno nas mellores condicións posibles. Estes serían os acordos que propón a moción e o

certo é que hai dúas emendas de adición, de EU a esta moción do Bloque Nacionalista Galego, que sería que no punto 1 e... establecer quendas de tarde de consulta, nos centros de saúde que non as teñan, con contratos de continuidade para os profesionais, eliminando así o obstáculo de falta de espazos e utilizando os recursos, e no punto 3.- Garantir que os fondos estatais sexan dedicados a Sanidade Pública.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un primeiro turno. Palabras? José Angel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, e... unha moción moi clara non, nós en este sentido si que estamos tamén... estamos totalmente de acordo na preocupación que existe na... na xente pola asistencia sanitaria en estes momentos, tanto polo COVID como pola falla de atención en todo o que... todo o que comentaba... en todas as areas que comentaba o BNG na moción. Si que bueno, no que é na parte de organización da Sanidade Pública nós non... non entraríamos tanto, pero bueno, como estamos de acordo co fondo da moción, tamén nós mesmos puxemos en ese mesmo sentido varias mocións durante os anteriores plenos, pois imos a... a apoiar esta moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Ben, pois se non se pide un segundo turno, pois pasamos á votación, votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, pois queda aprobada a moción.

6.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN, PARA INCORPORAR NA VINDEIRA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA CORRESPONDENTE O SEGUINTE ASUNTO COMO PUNTO DE DEBATE E APROBACIÓN SE PROCEDE: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CABANAS, MUGARDOS E ARES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de EU-SON EN COMÚN, para incorporar na vindeira sesión ordinaria da comisión informativa correspondente o seguinte asunto como punto de debate e aprobación, se procede: Convenio de colaboración entre os concellos de Fene, Cabanas, Mugardos e Ares para a xestión compartida do punto limpo de Vilar de Colo, e o Concello Pleno, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE E 1 BNG) e 5 en contra (5PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar ó goberno municipal a incorporar na vindeira sesión ordinaria da Comisión Informativa correspondente seguinte asunto como punto de debate e aprobación si procede: convenio de colaboración entre os Concellos de Fene, Cabanas, Mugardos e Ares para a xestión compartida do Punto Limpo de Vilar de Colo.

2.- No expediente que conforma o punto antes citado se incorpore toda a documentación e informes técnicos necesarios para o seu debate e aprobación si procede.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao punto sexto: moción da Voceira do Grupo Municipal de EU-SON EN COMÚN, para incorporar na vindeira sesión ordinaria da Comisión Informativa correspondente o seguinte asunto como punto de debate e aprobación se procede: Convenio de Colaboración entre os Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos e Ares para a xestión compartida do Punto Limpo de Vilar do Colo. Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, boas tardes a todos e todas, creo que o acordo da moción é claro, son dous puntos, e é instar ao Goberno Municipal a incorporar na vindeira Comisión Informativa correspondente o asunto a debate e que o expediente veña conformado con todos os informes necesarios. O certo é que a... a proposta chegou o 14 de xullo por parte do Concello de Fene, e si é verdade, que en algunha comisión e en algunha Xunta de Voceiros se tratou de forma..., sen ter capacidade de ditaminar para que poida vir ao Pleno, as informacións que están saíndo é que Mugar dos descolgouse do Punto Limpo. Nós entendemos que despois de que, o Concello o 30 de abril do ano 2019 o aprobara por unanimidade, o Convenio de continuidade do Concello de Mugar dos na xestión do Punto Limpo para Fene, Cabanas, Ares e Mugar dos, que polo menos debe de ser debatido en Comisión e ter un ditame da comisión onde se exprese a vontade do conxunto da Corporación Municipal.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un primeiro turno. Palabras? José Angel... José Angel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ben, bueno nós neste caso, neste sentido entendemos que o segundo punto da moción sobraría, porque entendemos que vaian... a... que vaian a Comisión sen expediente, sen un expediente completo, non?, e o que quero dicir é que creo que si, que efectivamente creouse unha certa confusión co tema do punto limpo, e si parécese que é necesario que vaia á vindeira comisión de... bueno, que corresponda, polo tanto imos apoiar esta... imos apoiar esta moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno segundo bloque de... a palabra? Bueno, en todo caso, se non hai palabras... Ah... eu quero aclarar unha cousa e logo se queres fâlas, paréceche?. Imos ver, eu simplemente unha aclaración, respecto ao que puxo a prensa, a nota de prensa non era o que nós dixemos exactamente, nós o que dixemos á prensa cando nos chamaron é que aínda estaba por determinar a posición que íamos a ter respecto ao punto limpo, porque por agora non tínhamos os informes técnicos que sostían a viabilidade do asunto e entón eles deduciron que por agora... por agora descolgábase dese acordo, por agora, non descartamos en ningún momento nin moito menos, segue a formar parte dese proxecto do punto limpo, o que queremos é obviamente, o aval dos técnicos e da viabilidade, obviamente, económica do asunto, pero en ningún caso se dixo á prensa, en ningún caso, que se descartaba nin moito menos, o que se dixo e que por agora ata... a falta dos informes, por agora non nos íamos a sumar, de aí sacaron o titular que nos descolgábase, debían de poñer, por agora descóllese o Concello, iso foi o que puxemos, é verdade que o titular parece que é outra cousa, pero quero aclaralo porque a posición... é certo que a veces os titulares non van exactamente co que se dixo, despois aclara na letra pequena, pero esa é a cuestión, a nosa

posición non é contraria ao punto limpo, a nosa posición é ter claro, evidentemente cos informes idóneos que deben de estar baixo o noso punto de vista en... en ese expediente, tomar a mellor decisión para este Concello, sempre cos informes dos técnicos, pero en ningún caso está tomada ningunha decisión nin a un respecto nin ao outro, por suposto. Bueno... e...

Sr. Mahía Prados: Aclaración do voto.

Sr. Alcalde (que traducido di): Aclaración... bueno, pois veña.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, hai varias cousas, aparte recalcar o que dixo aquí o Alcalde, hai varias cousas que... que hai que poñer enriba da mesa. Primeiro, non fíoi un acordo por unanimidade, o noso grupo abstívose porque faltaba o informe de Intervención, e dixémolo nese Pleno, non resople, non resople que sabe que teño a razón. Nese Pleno adoptouse un acordo sen informe, e ademais adoptouse un acordo que incluía a Neda, que posteriormente foise, Neda si que se foi o 100%, Mugar dos non, Mugar dos como ben acaba de dicir o Alcalde, Mugar dos está a espera do informe de Intervención, pero que pasa, interventora temos unha, preséntanos alegacións aos orzamentos, se se presentan recursos, se se presentan... se poñen paus diversos nas rodas pois a interventora ten máis carga de traballo, entón cando a interventora teña dispoñible poder facer ese... ese informe, farase. Nós o que non imos facer e levar o acordo por moito que se leve o punto na orde do día a vindeira comisión, por moito que se poñan os expedientes e toda a documentación enriba da mesa, non vai haber un informe de Intervención para ditaminar a Pleno, e como vostede ben sabe, ou debería de saber, é vinculante para esa toma de decisións, porque senón poderíase impugnar o acordo plenario, porque hai que decidir que modelo de recollida de enseres e que modelo de punto limpo queremos para Mugar dos. No expediente, ata fai poucos meses, non se tiña consignado o regulamento que aprobaron tanto Fene como Cabañas, si por suposto, estou aclarando... estou aclarando o motivo polo cal imos votar o que imos a votar.

Sr. Alcalde (que traducido di): Está aclarando o voto e... quédalle un minuto dezasete segundos.

Sr. Mahía Prados: E estame chegando o tempo, entón estou cumprindo rigorosamente o que di o regulamento, entón nós nese sentido non imos poder levar, por moito que se leve na Comisión e por moito que se ditamine non imos poder levar a decisión a Pleno, mentres non exista o informe de Intervención, que se quere levar o asunto a comisión? Levarase, acaba de dicilo o alcalde, pódese falar del en comisión, pero non se vai poder ditaminar nada, porque non haberá o informe que ditamine cal é a mellor decisión. Poderemos falar e debater moito, pero a resolución non se vai poder tomar, e ese é o principal motivo polo cal nós imos a votar en contra de esta moción.

Sr. Alcalde: Bueno...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Gustaríame facer unha aclaración.

Sr. Alcalde: De que?

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Porque acusouseme de mentir e teño aquí a acta de...

Sr. Alcalde (que traducido di): Pero vas a cerrar xa?

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Si, si.

Sr. Alcalde (que traducido di): Fas o peche da moción?

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Si, o 30 de abril do 2019 apróbase por unanimidade, esta é a acta do 30 de abril do 2019, e está aprobado por unanimidade. É só unha aclaración, non imos entrar máis, pero como é obvio, xa e... o segundo punto ten o seu sentido e é que para poder debatelo poda ir con toda a documentación necesaria para que despois poida vir ao Pleno, e ademais creo que o clarificou ben o Voceiro do Partido Popular.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois nada, pasamos a votación entón, votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, pois queda aprobada a moción.

7.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN, PARA REALIZAR UN NOVO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES PARA ASISTENCIA AO COMEDOR ESCOLAR CURSO 2020/2021.

Tras deliberación, sométese a votación o asunto, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obtense o mesmo resultado, 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acordando, en consecuencia, o Concello Pleno, co voto de calidade do sr. Alcalde, rexeitar a devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao punto sétimo, moción da Voceira do Grupo Municipal de EU-SON EN COMÚN, para realizar un novo procedemento de admisión de solicitudes para a asistencia ao comedor escolar curso 2020/2021.

Sra. González Lorenzo: Bueno pois, boa tarde a todos. A moción que traemos hoxe aquí, como pon na exposición de motivos, a moción foi presentada o día 20, aínda con un listado provisional de admitidos, aínda que o 26 xa saíu o listado definitivo, no que aparece alumnado en lista de agarda e alumnado excluído que volve a ser o alumnado do IES, isto é un evidente prexuízo para o alumnado que solicitou fóra de prazo e para o do IES, por iso para cumprir o regulamento baixo o cal o alumnado se apuntou o comedor escolar, e para cumprir tamén o convenio asinado coa Consellería, no que se especifica que son os dous centros, o IES Mugarbos, está xa asinado no Convenio, traemos esta moción aquí dado que, como se dixo agora, coas pantallas, as mamparas de metacrilato, pódense aumentar os espazos, e como tamén xa hai aulas burbulla, comendo na propia aula, polo cal creemos que é

posible facer o que pedimos, o que xa se pediu neste Pleno Municipal de admitir a todo o alumnado. O acordo é: Instar ó goberno municipal a adoptar os acordos necesarios para realizar un novo procedemento de admisión de solicitudes para a asistencia ó comedor escolar curso 2020/2021 atendendo ó regulamento municipal do comedor escolar vixente e ó Convenio en vigor asinado coa Consellería.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois entón abrimos un primeiro turno. Palabras? José Angel, Miguel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ben, bueno nós entendemos que o proceso estivo aplicado... non estivo aplicado como o regulamento, pero bueno houbo unha certa cuestión polo COVID e tal, e... entón entendemos que o que se fixo, a... a selección de este procedemento foi legal, foi legal, está feito, xa hai pois unha lista de espera, etc., unha de rexeitados e tal, o que non entendemos moi ben nós é si esta, a necesidade de que se cree unha nova, un novo proceso, estamos xa en novembro, o curso está empezado, os pais están xa máis ou menos pois buscáronse a vida, como se soe dicir, non, a estas alturas do curso, e entrar en un novo procedemento pode ser tamén... crear unha confusión. Nós temos realmente moitas dúbidas con esta... con esta moción, entendemos que si xa hai unha lista e hai novas... bueno, pois novos materiais como poden ser as mamparas e tal, que o que se debería é de incluír a xente que está xa na lista actual e a que xa fixo a solicitude actualmente, non entendemos que sexa positivo empezar un novo procedemento, non... non o temos claro, entón ímonos a... ímonos a abster en esta moción.

Sr. Alcalde: E... Miguel.

Sr. Mahía Prados: Grazas, bueno eu teño 3 preguntas neste primeiro turno, que me gustaría que, se pode ser foran respondidas e... e a 1ª é se vostedes cando asinaron ese convenio entendían o que viña nese Convenio, é a primeira pregunta que teño, porque se leen o que firman que é o Convenio coa Xunta, a moción que presentan hoxe non ten sentido en base a ese Convenio, e se non leen o que firman, pois hai un problema serio, porque o Convenio o que fala é de sufragar uns gastos, en ningún momento o Convenio que hai coa Xunta de Galicia di que teña que haber X alumnos, que teña que haber tal... iso está no regulamento. Pasamos ao regulamento, mire, cando se tramitou este regulamento, quero recordar que por poñer un exemplo, que é o principal motivo polo cal os almorzos en Franza quedaron desertos, foi Esquerda Unida xunto con outro partido que xa non existe, quenes... a súa proposta foron limitar a sete persoas, que se non había sete persoas non podía haber... porque era o mínimo, entón agora mesmo non hai... non temos almorzo porque non hai mínimo, iso por un lado, por outro lado, eu entendo que con esta moción o que queren é ter unha lista definitiva en xaneiro, non, porque se volve a facer todo o trámite que se fixo de acordo todo da normativa, que se fixo da mellor forma posible, cos continuos cambios de protocolo que houbo por parte da Xunta e do Estado, con toda a información que se cambiou, con todo o que foi saíndo, pois mire, vostedes fan aquí na exposición de... de motivos de que hai unha serie de alumnado, que está causando prexuízo... solicitou fóra de... de prazo e que non están incorporados, mire... e que non hai prazas agora mesmo dispoñibles, e non hai prazas por cuestións de aforo, o aforo é o que é, e sempre o mantivemos, o principal problema

que temos a causa do COVID, da xestión do comedor é o aforo. Estamos limitados polo aforo, por moito que lle vaiamos meter 300 rapaces no comedor, se o aforo do espazo di que ten que ser dezaseis rapaces, son dezaseis rapaces. Segundo.... e... despois vostedes nese... neste sentido, nós quixemos adquirir as mamparas, que foi o acordo plenario que houbo no Pleno de hoxe, co sentido de poder ampliar ese aforo, de poder meter a máis rapaces dentro do... do comedor, porque non damos parado nin un só minuto de buscar a forma de meter máis xente dentro do comedor, e... fíxense ata que punto estivemos intentando isto que vostedes mesmo ameazaron con impugnar o Pleno no cal se ía debater a aprobación da modificación de crédito que veu hoxe aquí, entón e... iso por outro lado, e... terceiro gustaríame saber se vostedes falan coa comunidade educativa, gustaríame saber se vostedes teñen o coñecemento da opinión das AMPAS de... dos colexios e da dirección dos colexios, onde se está desenrolando o... o comedor, son as 3 preguntas que... que quero plantexar neste primeiro turno, e... que espero a súa contestación no segundo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois a ver, se hai unha petición por parte de algún grupo abrimos un segundo turno. Vale, pois temos un segundo turno. Entón, palabras e... Gemino, Lola e Miguel, non? Non? é así. Si? Pois Gemino cando queiras.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, nós dicir que imos a votar a favor de esta moción fundamentalmente porque creo que desde que xurdiu o problema do comedor, con isto da COVID, creo que todos os grupos da oposición e nas diversas comisións vimos reclamando que a xente de días soltos pois, non podía quedar excluída do comedor, incluso eu creo que en algunha comisión, plantexei incluso a posibilidade ou a dúbida polo menos, que a min me quedaba de que isto fora legal, e dígoo fundamentalmente porque no regulamento ao que se fai referencia aquí do comedor escolar, no artigo 6.- procedemento da adxudicación de prazas, di claramente: a comisión de baremación terá como competencias velar pola aplicación do baremo no proceso de admisión, que creo que é algo que non se está a facer en este caso, porque creo que hai e...nenos e nenas con un baremo superior de días soltos que están quedando fóra e nenos e nenas de mes completo, con baremo totalmente inferior, incluso con xente con 3 puntos de baremo e que están entrando, entón eu vólvo a dicir, teño serias dúbidas de que isto se adapte a legalidade.

Sr. Alcalde: E... Lola.

Sra. González Lorenzo: Ben, o Convenio coa Consellería pon: obxecto do Convenio: Xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP Santiago Apóstol e no CEIP Unión Mugarcesa, ao que asistirán a comer os usuarios do IES Mugardeos radicados neste Concello, literal, e... iso unha, e a cuestión o que insta esta moción é a cumprir o regulamento, o regulamento non distingue entre mes completo e días soltos. O regulamento ten un baremo que foi alterado, o regulamento non distingue si IES baixo ese baremo, e a lista que se publicou deixa outra vez excluídos a todo o alumnado do IES, que é polo que traemos isto. Deixa excluído a todo o alumnado do IES e vostede que, precisamente sempre me di que cumpro o regulamento orgánico estritamente, pois isto é cumprir un regulamento, en canto que se da xaneiro estamos en outubro, a finais, a xente estivo asistindo ao comedor escolar con unha lista provisional, iso tamén é furtar o dereito da xente que puido entrar logo na lista

definitiva. Comedor escolar que empezou dous días máis tarde, hoxe aprobamos unha modificación de crédito para as mamparas, verdade? E máis, o informe de Intervención di: O comedor de tres centros educativos, ou sexa, recoñecemos que son os tres centros os que teñen. Despois... o proceso, opino como o Voceiro do BNG, non foi dacordo..... o baremo, solicitantes empadroados en Mugardos se outorgan 5 puntos, hai xente con dous puntos dentro, deixando a estes rapaces e estas rapazas fóra. O curso está empezado, si, ata xaneiro non se empezará, non se vai empezar de todos modos, aínda hai que mercar as pantallas e aínda hai que instalalas, si hai aulas burbulla, xa está implantada unha, pódense implantar máis. O horario do comedor escolar antes era ata as 4 da tarde, agora ata as 3. Entón os da lista de espera poden entrar igual que os que entregaron... entraron fóra de prazo, os que entregaron a súa solicitude sempre que haxa prazas, e as prazas ofertadas cando se apuntaron co regulamento son 58. Creemos que si se pode facer un esforzo e creemos que hai que cumprir o regulamento, ó que eu me apunto, apúntome baixo este baremo, teño unha puntuación, cámbianse as regras de xogo a metade do partido e quédome fora, e tal como está seguimos deixando fóra a todo o alumnado do IES, cumpramos o regulamento, cumpramos o Convenio e por iso pedimos o voto a favor de esta moción.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, varias cousas, e... primeiro e... falan vostedes do regulamento, regulamento que vostedes mesmos incumpriron o ano pasado, porque non chegaban ao mínimo de alumnos, correcto, ben, segundo: o COVID cambiouno todo, o regulamento que se aprobou antes do COVID non pode aplicarse agora e volvo a dicilo, estrañame que non o dixera, despois da súa exposición, que non nomeara a limitación dos aforos, e que volvo a dicilo, o problema que temos é de aforo, o problema que temos, xa sei que fan oídos xordos a todo iso, pero o problema que temos é aforo, non é que non queiramos meter máis rapaces dentro, o problema que temos é que non entran máis rapaces dentro. Cal foi o criterio que se seguiu e que tiveron vostedes acceso ao informe de secretaría e que estaba enriba da mesa, e que se seguiu para a toma desta decisión? Que as recomendacións sanitarias dicían que era mellor non mover os grupos, por iso a xente que entrou é xente que está co mes completo, non por días soltos, para garantir homoxeneidade, para evitar que houbera problemas con a ver quen veu de fóra este día se hai un positivo. Ese foi o principal problema que nós nos atopamos, nós non tomamos esta decisión por cuestións baladís, tomouse esta decisión con criterios serios, médicos e falando cos expertos, co xerente da área sanitaria, cos médicos, con como se estaba a facer en outras comunidades educativas, non hai que irse moi lonxe, en Ferrol fixérono, e non gobernamos nós, en Ferrol tomouse a decisión de que os nenos de días soltos non podían meter, porque había que illar os grupos, en Ferrol, e poño o exemplo de en Santiago, en concellos máis pequenos, en Narón e poido poñer exemplos de moitos concellos, que é unha decisión doada? non o é, claro que non o é, dígo, non nos gusta tomar estas decisións, pero aos feitos me remito. Hoxe Mugardos, e non é cousa do goberno, é cousa de responsabilidade da xente, somos o único Concello da ría que está en alerta verde, e penso que todo o esforzo que estamos facendo para manernos en alerta verde e que levamos facendo dende o inicio da pandemia non foi pouco, e aquí é onde se ve se as decisións que se toman funcionan ou non funcionan. Falan vostedes de e... mire, que non falaron do Convenio, gustaríame por favor que mirara o seu acordo, o acordo a última frase é: o Convenio en vigor

asinado coa Consellería, si que nomean vostedes o Convenio, así que iso de que non nomean o Convenio pois o seu acordo non di o mesmo, referente ao tema de... pregunteino, se falaban coas comunidades educativas, por que pregunto isto? Porque as AMPAS e as direccións dos centros non son partidarios de que veñan xente doutros centros escolares ó comedor. Por que? Para evitar precisamente o que acabo de explicar, e nós para tomar decisións serias e duras como esta o que falamos son coas entidades e cos responsables dos ámbitos que lles competen, como son as direccións dos centros no caso do comedor, porque aínda que o comedor sexa municipal realizase nun... nun centro educativo. Para finalizar, levamos facendo moitos esforzos no tema do comedor. Un deles é poñer mosquiteiras, para poder ventilar as aulas, mosquiteiras feitas en Galicia, cando se dicía que antes non se podían facer aquí, pois esas mosquiteiras van a ser instaladas a maior brevidade para... para poder ventilar esas aulas. O COVID cambiouno todo, cambiouno todo e por moito que no regulamento se diga que ten que ser así, se hai unha alerta sanitaria, un estado de alarma, alguén por arriba que nos di: teñen que ser persoas... teñen que ser grupos pechados, non se pode traer xente de fora, nós temos que tomar esa clase de decisións, poño como exemplo, e está na prensa, xa que a vostedes lles gusta facer mocións a base de titulares, collan o titular do Concello de Ferrol, porque o Concello de Ferrol co regulamento sen poder modificalo tomou esa decisión de dicir: non, teñen que vir os que veñan a mes completo, porque é a forma de garantir que haxa contaxios, agora ca modificación que aprobamos por unanimidade, por parte de todos, o cal agradezo, poderemos afrontar o segundo trimestre coa instalación desas mamparas e aumentar o ratio de aforo, porque iso é o noso obxectivo, intentar aumentar o número de comensais e poder meter máis nenos dentro do comedor. Nós imos a votar en contra desta moción, non creo que sexa unha sorpresa, e imos a votar en contra desta moción porque volver a abrir un procedemento como este que xa está publicado, que xa está rematado, que xa hai unha lista, todo o que se pasou para elaborar esa lista, con toda a normativa que foi cambiando, con todo o que se pasou, coas decisións consensuadas coa comunidade educativa, faladas coas AMPAS, faladas coas persoas afectadas, incluso os propios pais dos fillos que quedou fora do comedor falou aquí tanto coa Concelleira de Benestar como coa Concelleira de Educación e explicóuselles a situación, nós non nos agachamos, nós damos a cara e explicamos as medidas que tomamos, aínda que non gusten, aínda que sexan duras, pero gobernar non é fácil, o fácil sería mirar para outro lado e este goberno iso non o fai.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, antes de que... antes de que cerre Lola, si, antes de que cerres a... eu quixera, eludiuse aquí a varias cuestións sobre a legalidade de cumprir ou non o regulamento. Nós falamos con moita xente e falamos co secretario no seu día, falamos con outros secretarios de outros concellos, falamos coa inspección educativa, falamos coa área sanitaria, falamos con Sanidade, falamos con moita xente e todos veñen a dicirnos o mesmo, calquera Lei Sanitaria Estatal está por encima de calquera regulamento municipal, porque non tería sentido de outra maneira, se nós tivéramos que supeditar a saúde da xente ao regulamento municipal estaríamos incumprindo unha normativa estatal, cuestión que creo que ninguén dos que estamos aquí sería razoable que o fixéramos, e polo tanto, é incuestionable, e dígoo en voz alta que a legalidade sanitaria está moi por encima dos regulamentos municipais, e polo tanto, o que hai que facer é adecuar os regulamentos municipais á realidade que vivimos, e é certo que a realidade que vivimos cambia constantemente porque os protocolos fôronse adaptando de forma constante e tal e como o dixo Miguel queiramos ou non vivimos

unha realidade que foi empeorando co paso do tempo, esperemos que non siga empeorando e o que nos fai ser extremadamente prudentes nas decisións que tomamos, primando sobre o dereito a ter o comedor... primando a saúde pública, esa é a cuestión principal pola que nos vemos obrigados a tomar decisións complicadas, pero primando sempre a responsabilidade da saúde que eu creo que calquera pai podía entender, e os que non queiran entendelo pois hai que facelo entender que a saúde está moi por encima de calquera regulamento municipal de un comedor, e a lei en ese sentido é tallante, máximo agora que estamos en un estado de alarma, en todo caso era a aclaración que quería facer e, se quere a relatora pode cerrar a moción.

Sra. González Lorenzo: Ben, e xa para pechar, tamén quería facer unha aclaración, alumnado con 9 puntos quedou fóra, alumnado de Unión Mugarcesa, quedou fóra do comedor, con 9 puntos e.. polo cambio do regulamento, alumnado con 2 está dentro, a propia Unión Mugarcesa. Eu alégrome que vostede fale moito, eu non teño porque do que falo ou deixo de falar, por iso repito e reitero, antes de traer mocións traballamos tamén e..., moito máis do que vostede pensa ou quere facerse ver, reiterámonos na moción, cúmprese o regulamento? non se roube o dereito que ten o alumnado do Concello de Mugardeos, tanto Unión Mugarcesa, como do IES, como de Santiago Apóstol, que por certo ten en total 8 peticións para almorzos, en días soltos algunha, pero 8, non se lle roube ese dereito, fágase unha nova revisión e hai xente en lista de agarda por exemplo con 9 puntos, que podan acudir ao comedor escolar.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois esgotado xa o turno de intervencións pasamos á votación, votos a favor da moción, en contra, abstencións. Bueno, creo que hai un empate, non? Temos un empate a cinco, entón imos sometelo de novo a votación, votos a favor da moción, en contra, abstencións. Bueno pois entón o voto de calidade do alcalde pois decide... decide a moción, e o meu voto é contrario, obviamente. Rexéitase a moción entón.

8.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 894/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto oitavo que é dar conta da Resolución da Alcaldía núm: 894/2020, bueno, que fai referencia á delegación de funcións da alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde Ana Mª Varela Bastida durante o 23 de outubro de 2020, na miña ausencia, vale? Dáse conta ao Pleno.

O Pleno da Corporación dáse por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 894/2020, de 20.10.2020**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde Ana Mª Varela Bastida, durante o día 23 de outubro de 2020.

9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚMS. 801/2020 Á 895/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao punto noveno, que é dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, dende o anterior Pleno Ordinario: Resolucións da 801/2020 á 895/2020, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 801/2020 á 895/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, dende o anterior pleno ordinario.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao punto décimo, que é rogos e preguntas, non hai ningunha pregunta, algún rogo quizás si, os que teñan rogo que o soliciten. Alguén solicita algún rogo? José Angel e Pilar. Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Si, bueno como todo o mundo creo que sabe, este fin de semana houbo bastante temporal climático en Mugar dos, con bastante auga, e isto trouxo como consecuencia que familias que están vivindo na casa Parroquial, pois sufriran inundacións na súa propia vivenda, creo que son conscientes xa dos feitos, creo que se adquiriu o compromiso de dar unha solución e que a día de hoxe non existe para a familia, polo tanto rogariámoslle que actuaran con unha certa celeridade, porque bueno, a situación requireo. É un rogo, non necesito contestación.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, bueno... fala, si.

Sr. Mahía Prados (que traducido di): Si, simplemente comentar, por parte do Concello, bueno, o Concelleiro de Obras estivo presencialmente en varios de estes sitios, non só foi... tivemos varios... entivemos varias inundacións no termo municipal, foi no peirao e tamén aí onde comentas, na....

Sr. Alcalde (que traducido di): Non, está falando de

Sr. Mahía Prados: Non, de varios puntos de inundacións, e na zona de... diante de onde está a academia e onde está a casa parroquial, que tamén se inundou, todo o que vén sendo esa rúa, que veu arriba as fecais.

Sr. Alcalde (que traducido di): Non, non está a falar diso, non. Contéstolle eu, contéstolle eu, xa sei o que queres dicir. Vamos ver, si, xa... referente a esa cuestión xa... xa se abordou ese mesmo día, faláronse comigo, comunicáronse comigo os afectados, eu falei... bueno o primeiro que fixemos foi poñelo en coñecemento da asistente social... traballadora social, que nos atendeu de forma inmediata, miráronse as posibilidades que existían, e eu de forma persoal, ese mesmo momento falei co cura párroco, porque a casa é deles, e da Igrexa, e polo tanto, eles tiñan a opción de obviamente tomar baza en ese asunto, teñen unha persoa ocupando unha vivenda que é do arzobispado, e polo tanto, as cuestións que se lle plantexaron eran si ían a facer as obras complementarias para poder dar a habitabilidade a esa vivenda, cuestión que negou porque non cree que se poida facer algún arranxo e brindáronse, dende

Cáritas, brindáronse a darlle unha pensión durante ao menos unha semana, para que puidera buscar un aluguer, eu mesmo falei con un dos afectados, e estáselle buscando un aluguer, estase facendo de intermediación para buscar un... un aluguer que poida ser alcanzable a... a esa familia e está... en principio está canalizada esa cuestión. Vixiaremos dende cerca, eu quedei de falar con eles dous senón se canalizara de forma tal, pero eu quedei satisfeito coa resposta que se nos dou e parece que buscaron unha solución á espera de que me diga o contrario, pero en todo caso, a día de hoxe é a cuestión, quedaron de avisarme se esa situación non se daba e non me chamaron. Si?

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno, a ver, eu tampouco quero debatelo hoxe no Pleno, creo que somos conscientes, ti acabas de dicilo que tiñan practicamente unha vivenda xa con aluguer, máis alá dos días que Cáritas... e que o cura párroco siga pagando a luz, como viña facendo de forma habitual, pero que hai un problema para afrontar o aluguer da vivenda que xa atoparon, polo tanto, eu pediría ao Concello celeridade, porque aínda que é verdade que atoparon unha vivenda e que o cura párroco lle poida seguir pagando a luz como viña facendo ata o de agora, iso non quita que teña que abordar o aluguer e outras cuestións, e... polo tanto, eu pido celeridade, sei perfectamente como está o tema, sei que faláron contigo, ademais de forma persoal, e polo tanto pediríache un pouco de celeridade en ese asunto.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si e.. de todas as maneiras a esa cuestión tamén nos referimos ao tipo de axudas que tiña e o certo é que ela dime que leva pedindo esas axudas... esas axudas sociais e o ingreso mínimo vital, dende o momento en que se abriu por parte do Goberno, e aínda está a espera dunha contestación ao respecto, e eu tamén pediría celeridade polo Goberno, acelere ás axudas do ingreso mínimo vital, e en todo caso, levan dous anos esperando pois estas cuestións, e eu claro que si, voume preocupar de que.. intentar..., que ben con unha Risga ou ben con un ingreso mínimo vital, pois unha ou outra Administración poida, loxicamente pois, acelerar os trámites, eu é o compromiso que teño, pero é certo que levan 2 anos esperando por esas axudas. Grazas.
E... José Angel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Si, bueno mira tamén coincide co tema das inundacións, eu vou facer outro rogo, é se pode ir á vindeira comisión de obras, gustaríame que fose o... os traballos que se fixeron durante este ano para evitar as inundacións, precisamente aí no Cano da Rúa e as posibles medidas, e senón algo, discutímolas na comisión ou algo, as posibles medidas que haxa que tomar porque é unha rúa recentemente feita, non sei se foron 120.000 ou 140.000 euros os que se gastaron, agora gastouse este ano ademais outros 20.000 euros máis, claro, isto terá un límite, eu creo que deberíamos poñer xa un límite e unha solución a este... a este problema, non, entón por iso quería facer o rogo de que fose á vindeira Comisión de Obras, e logo tamén quería un pouco incidindo no rogo que se fixo no pleno pasado de que tal vez, eu non sei se é ou non, pero polo menos creo que deberíamos discutir se sería convinte xa volver outra vez a convocar as comisións do COVID ou metelo en algunha Comisión de maneira... de maneira xa... digamos continua, mentres se produza isto, porque si efectivamente están aumentando os casos, xa o mes pasado estaban aumentando, non sei que grupo foi o que o pediu e agora pois ao mellor

habería que volver a pensar en tomar as medidas que se tomaron no seu momento, dende limpeza de rúas, etc., entón creo que sería bo empezar outra vez a... a tomar en consideración isto. Nada máis.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno eu, respecto da Comisión de Obras paréceme pertinente que se explique perfectamente por parte do Concelleiro, que creo que está desexando explicar as medidas que se fixeron alí, porque estivemos facendo un traballo moi importante, sobre todo el, e en todo caso máis alá da propia obra desa rúa, eu creo que explicará na comisión perfectamente o Concelleiro de Obras, hai un problema moito máis serio que esa rúa, e é a deriva do caudal cara certas rúas, que indubidablemente con certa tormenta, con un pouco que choiva torrencialmente, e... simplemente o sistema rebosa e é imposible, co caudal que teñen esas tubaxes, poida coller todo o caudal que está recibindo de diferentes ... e eu creo que el explicarao mellor na comisión, en todo caso, creo que deberíamos todos facer unha reflexión en esa comisión, acerca de cando se fan obras públicas canalizar os caudais de forma convinte para... para que non todas rebosen pola mesma rúa, porque estamos presionando o sistema cara a un lugar determinado e por moita obra que se faga nesa rúa, non pode asumir un caudal inasumible por unha obra e esas son as... desprendementos que houbo na fonte, na fonte de catro caños, por un desbordamento de un caudal que é inasumible, que xa se pediu por parte do Concelleiro de Obras unha... unha memoria valorada para realizar unhas obras, ou un tipo de obras que puideran realizarse para paliar esta cuestión, obras que xa adianto que van a ser enormemente caras para este Concello, pero tamén enormemente útiles para, polo menos facer... paliar estas consecuencias que van a recurrirse no tempo porque, obviamente, hai que derivar esa auga cara outras rúas. Bueno, polo tanto, explicará perfectamente esa cuestión, está perfectamente mirado, estivemos esta semana moi preocupados por este asunto e de feito pois, el perfectamente ten toda a información, ademais reuniuse cos expertos de varias empresas para... para tomar a mellor decisión e dará conta na comisión pertinente, eu creo que con moito máis detalle do que eu poida dar.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): ... Eu simplemente fago un rogo, tampouco estou facendo unha investigación.

Sr. Alcalde (que traducido di): Non, non, eu agradézocho, pero eu quero tamén que se vexa que estivemos preocupados por un asunto que nos preocupa recurrentemente e que o goberno non estivo durmindo, que era a cuestión que quería expoñer. Nada máis, bueno pois nada máis, se non hai máis rogos, levántase a sesión.

E sendo as vinte horas e vinte e dous minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretaria acctal., dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE